



## PREGUNTA ORAL SOBRE O INICIO DO SISTEMA DE ROTACIÓN PARA O APARCADOIRO DISUASORIO DA PONTEPEDRIÑA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que a Xunta de Galicia rematara a principios de 2016 as obras e o Concello asumira a súa xestión, o funcionamento do aparcamento disuasorio de Pontepedriña foi obxecto de varias iniciativas do Grupo Municipal Popular na procura de facer efectivo o seu carácter de servizo alternativo para evitar o tránsito urbano, coa implantación dun sistema rotatorio que garantise a mobilidade diaria dos vehículos estacionados nesa superficie, e tamén coa intención de que se mellorase a ordenación e a regulación no seu contorno, para paliar o estacionamento indiscriminado de vehículos en zonas non habilitadas coa degradación ambiental que iso comporta.

A pesar da coincidencia na diagnose e na necesidade de adoptar medidas ao respecto, o Goberno local nada ten adiantado na situación: segue sen existir control ningún sobre a permanencia prolongada de vehículos na área habilitada como estacionamento disuasorio e no contorno continúa imperando o libre albedrío á hora de deixar os vehículos, mesmo en ocasións dificultando os accesos e o tránsito de persoas.

Durante meses, a desculpa para actuar na implantación da rotación viña motivada pola tardanza do ADIF en autorizar o cobro nos terreos que no seu día cedera. Con base nese argumento, o Goberno veu xustificando a súa continuada inacción.

Hai un ano, en decembro de 2016, o concelleiro anunciou que, mesmo sen contar coa autorización do ADIF para realizar un cobro "simbólico", o Concello ía instalar xa unhas máquinas para o control e encargarlle á empresa TUSSA a xestión do aparcamento. Non se entende, pois, cal é o atranco que a día de hoxe impide a implantación do sistema rotatorio no aparcamento e moito menos non ter iniciado a ordenación e regulación da súa contorna.

Á vista do exposto, formúlase a seguinte PREGUNTA:

***Cal é o motivo polo que non se ten posto en marcha ata o de agora ningún sistema que garanta a rotación no aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña nin se procedera a ordenar e regular o seu contorno e que prazo manexa o Goberno para resolver estas dúas necesidades?***

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017.

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular